



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 24 de decembro de 1953 foi aprobado o consorcio que para o monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, que, como pertencente ós veciños das parroquias de Vale e Lexo, subscribiran o Concello de Baralla e o Patrimonio Forestal de Estado.

2º.- Que o 31 de marzo de 1978, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou a Acordo de clasificar como tal o denominado "DE LEXO", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Lexo, termo municipal de Baralla. Publicado dito acordo no B.O. da Provincia, nº 169, do mercores 26 de xullo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 14 do mes en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado, por ésta en Asemblea Xeral celebrada o 15 de outubro de 1996, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase as 12 Hás. da súa propiedade incluídas no monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079 e a 18 Hás., rasas e sin consorciar, que aportaban de novo,

- solicitar da Consellería que novo Convenio, na parte que lles afecta, anulase e substituíse o consorcio do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079 e

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4°.- Que o convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a repoboación forestal dos terreos que se aportan de novo, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas ou que se creen no futuro, o seu aproveitamentos e a axecución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

5°.- Que en consecuencia o monte "DE LEXO", queda constituído por:

12 Hás. do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079 e
18 Hás., rasas sen consorciar.

6°.- Que as superficies do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, son:

superficie total:	27 Has.
superficie repoboada.....	27 "

O monte "DE LEXO", pasan:

superficie total:	12 Hás.
superficie repoboada.....	12 "

e como a Comunidade aporta:

superficie total	18 Hás.
superficie rasa forestal.....	17 "
superficie inforestal	1 "

as actuais do monte do convenio que se propoñe, son:

superficie total.	30 Hás.
superficie repoboada.	12 "
superficie rasa forestal.....	17 "
superficie inforestal.....	1 "

b) INGRESOS:

<u>12 Hás.</u> x 609.510,-Ptas.	<u>270.893,-Pts.</u>
27 Hás.	
TOTAL INGRESOS.....	270.893,-Pts.

9º.- E que a conta do Convenio do monte "DE LEXO", se abrirá cun saldo de:

1.903.959,- pesetas - 270.893,- pesetas 1.633.065,-Pts.
=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE LEXO".

Elenco: 2715782.

Superficie: 30 Hás.

Pertenza: Comunidade de Lexo.

Termo municipal: Baralla.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "De LEXO", 2715872, se abra cun saldo de 1.633.065,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, con posterioridade a data do seu peche.

3°.- Que no sucesivo, as características do monte LU-3079, sexan as seguintes:

Nome: "CAMPO DE CASTRO".

Elenco: LU-3079

Superficie: 15 Hás.

Pertenza: Parroquia de Vale.

Termo municipal: Baralla.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE LEXO", 2715872, das contas do Consorcio do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 12 Hás. x 4.059.548,-Ptas. 1.804.244,-Ptas
27 Hás.

ingresos: 12 Hás. x 609.510,-Ptas. 270.893,- "
27 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo. Plácido Baamonde López.



V.º B.º
O DIRECTOR XERAL,
Asdo. Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio do monte, "Campo do Castro" nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños propietaria do monte en man común "DE LEXO" integrado por 12 Has. do citado monte "Campo do Castro" mais 18 Has. rasas sen consorciar e que fan un total de 30 Hás. e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



MSTR

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome do monte: "DE LEXO".

Elenco. 2715872.

Superficie: 30 Has.

Pertenza: Comunidade de Lexo.

Termo municipal: Baralla.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE LEXO", 2715872, se abra cun saldo de 1.633.065,- pesetas, sen prexucio dos gastos e ingresos que puideran te-las contas dos Consorcio do monte "CAMPO DO CASTRO", LU-3079, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo, as características do monte LU-3079, sexan as seguintes:

Nome: "CAMPO DO CASTRO".
Elenco: LU-3079.
Superficie: 15 Hás.
Pertenza: Parroquia de Vale.
Termo municipal: Baralla.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "De Lexo", 2715872, das contas do Consorcio do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079, sexan as seguintes cantidades:

gastos: <u>12 Hás.</u> x 4.059.548,-Ptas.	1.804.244,-Ptas.
27 Hás.	
ingresos: <u>12 Hás.</u> x 609.510,- Ptas.	270.893.- "
27 Hás.	

Santiago de Compostela, 12 de febreiro 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5872
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde do **13.12.1993**.

Da outra, D.ª. **ANA ALVAREZ CALVO** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "**DE LEXO**" , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **24 de Decembro de 1.956** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Lexo, termo municipal de Baralla**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE LEXO"**.

Termo municipal: **Baralla**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Lexo, termo municipal de Baralla.**

Límites:

N.: **Propiedades particulares;**

E.: **Propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Lexo;**

S.: **Termo municipal de Láncara e**

O.: **Monte "SERRA DE VAL".**

Superficie: **30 (TRINTA) Hás.**

Estado forestal: **12 (DOCE) Hás. repoboadas, 17 (DEZASETE) Hás. rasas forestais e 1 (UNHA) Há. inforestal.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **12 (DOCE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **18 (DEZAOITO) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Lexo, termo municipal de Baralla**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **12 Hás. do monte "CAMPO DE CASTRO", LU-3079.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o **-** por cento, e a comunidade propietaria, o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. sylvestris nas zonas rasas na actualidade.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO :

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE LEXO ", veciños da parroquia de Lexo, concello de Baralla.— Rexistrados o día 20-01-97 co número 0551.—

2.— Que, así mesmo, figura Dona ANA ÁLVAREZ CALVO, e Don MANUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde o 15-10-96.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 20 de xaneiro de 1997.



Don MANUEL FERNANDEZ FERNANDEZ, Secretario de Comunidade de Lexo, termo municipal de Baralla.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 15 de Outubro de 1.996 estando designado Don ANA ALVAREZ CALVO, Presidente da Comunidade representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Lexo (Baralla) a catorce de Xaneiro de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Ana Isabel Álvarez Calvo
O PRESIDENTE,

Manuel Fernandez

Asdo.: Ana Alvarez Calvo.

Asdo.: Manuel Fernández Fernández.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ COUTO-JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Ana Isabel Álvarez Calvo
Asdo.: Ana Alvarez Calvo.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,



O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O.do 13/12/93)

D^a. Ana Alvarez Calvo.
D. Manuel Fernández Fdez.
D. Manuel Mourín Freijo.
D. José López Valcañel.

En la parroquia de Lexo, término municipal de Baralla, siendo las once horas del día 14 de Enero de 1.997, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Lexo, cuya relación figura al margen.

Cumplíendose la mayoría que fija la Ley de Galicia 13/1.989, de 10 de Octubre, y conforme con lo acordado por la Comunidad en Asamblea General celebrada el 15 de Octubre del pasado año, acuerdan a su vez:

1^a.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a las 12 Hás. del monte vecinal en mano común de su pertenencia, repobladas como monte "CAMPO DE CASTRO", en virtud del Consorcio suscrito por el Ayuntamiento de Baralla y el Patrimonio Forestal del Estado y a 18 Hás., sin consorciar, que la Comunidad aporta de nuevo, con lo que las características del monte a Conveniar serán:

Nombre: "DE LEXO".

Superficie: 30 Hás.

Límites:

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares y más monte de la Comunidad de Lexo;

S.- Término municipal de Láncara y

O.- Monte "SERRA DE VALE".

2^a.- Solicitar de la Consellería que el nuevo Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "CAMPO DE CASTRO".

3^a.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Manuel Fernández
Ana Alvarez Calvo
Manuel Mourín Freijo
José López